



Concello da Coruña

Área / Unidade GABINETE DE ALCALDIA GA0000 FBS	Documento GA01AI000T	
Código de verificación ²5R44250V4Q252U6Y05HNf» ²5R44250V4Q252U6Y05HNf»	Expediente GA0/2026/258	
	Fecha 31-07-2026	
5R44 250V 4Q25 2U6Y 05HN		

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 31 de xullo de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

ÁREA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Servizo de Alcaldía

Expediente número GA0/2026/258

Corrección dun erro material no acordo da Xunta de Goberno Local do 29.07.2026 relativo á delegación de atribucións da Xunta de Goberno Local nos e nas concelleiros e concelleiras responsables das áreas de goberno.

Previa deliberación, de conformidade co informe proposta que consta no expediente (CVS 3Z5Z6I1L0Y0J404D0R7B) e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

PRIMEIRO.- Rectificar o erro material contido no acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de xullo de 2026, substituíndo todas as referencias ao Decreto da Alcaldía 3531/2024, do 19 de xuño de 2024, polo Decreto da Alcaldía 5900/2026 de data 28 de xullo de 2026, quedando redactado o mesmo co seguinte teor:

ÁREA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Servizo de Alcaldía

Expediente número GA0/2026/258



Delegación de atribucións da Xunta de Goberno Local nos e nas concelleiros e concelleiras responsables das Áreas de goberno.

Previa deliberación, **de conformidade co informe proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

I. DELEGACIÓNS COMÚNS A TODAS AS ÁREAS DE XESTIÓN DA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL establecidas polo Decreto da Alcaldía 5900/2026 de data 28 de xullo de 2026.

Delegar, de conformidade co previsto no artigo 5.2 do Regulamento Orgánico Municipal, na alcaldesa e nas concelleiras e concelleiros delegadas e delegados, coas facultades de dirección e xestión en xeral dos servizos de cada área respectiva, nos seus ámbitos funcionais e orgánicos, as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local:

a) O outorgamento ou denegación de calquera tipo de licenza ou autorización, actos de comprobación ou inspección de comunicacións previas e declaracións responsables cuxa tramitación corresponda aos servizos administrativos que dirixen, salvo as atribucións que expresamente se deleguen nos órganos directivos. A presente delegación inclúe todos os actos administrativos de trámite e resolución dos expedientes administrativos relativos ás mesmas, como aceptación de renuncias, tramitación de expedientes de caducidade, declaración de desistencias, devolución de avais, aceptación de cesións obrigatorias, etcétera, mesmo os que se refiran á inspección e control das mesmas.

Non obstante, resérvanse á Xunta de Goberno Local as atribucións para o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas nas que sexa preceptiva e obrigatoria a presentación de proxecto técnico cando o orzamento de execución material sexa igual ou superior a un millón douscentos mil euros (1.200.000,00 €), así como a resolución dos expedientes de caducidade das mesmas.

b) A aprobación dos proxectos técnicos de obras e servizos cuxo orzamento de execución por contrata non supere a cantidade de corenta mil euros (40.000,00 €), IVE excluído, sen que leve autorización do gasto.

c) As contratacións e negocios xurídicos patrimoniais de calquera natureza de valor estimado inferior a quince mil euros (15.000,00 €), IVE excluído, agás os contratos de obra de valor estimado inferior a corenta mil euros (40.000,00 €), IVE excluído. Esta atribución levará aparelados todos aqueles actos e trámites que a normativa de contratos do sector público atribúe ao órgano de contratación, salvo a formalización, como (a presente relación non ten carácter limitativo): aprobar o expediente de contratación, clasificar as ofertas de acordo coa proposta da Mesa de contratación cando participe, adxudicar os contratos, autorizar e dispoñer os gastos correspondentes, reaxustar as anualidades no caso dos contratos plurianuais, procedementos relativos ao desequilibrio económico dos contratos, actas de recepción, devolucións de fianzas cando os informes sexan favorables, resolución de recursos que non dean lugar a indemnización, interpretación dos contratos, a modificación e a resolución de incidencias na



Concello da Coruña

execución, rectificación de erros e mesmo resolución dos contratos, salvo que poidan dar lugar a unha indemnización.

d) A administración ordinaria dos bens municipais, de calquera natureza (patrimoniais e demaniais) afectos aos servizos que dirixen. Queda expresamente excluído da delegación calquera acto que implique alleamento ou constitución de dereitos reais sobre os ditos bens patrimoniais, así como a constitución de dereitos de uso sobre bens municipais con duración superior a catro anos.

e) A adquisición de bens mobles inventariables cuxa contía non exceda de sesenta mil euros (60.000,00 €), IVE excluído, sempre que exista crédito específico no orzamento.

f) A xestión ordinaria, na fase de execución, incluída a liquidación do canon, e inspección das concesións de dominio público adscritas, sen que os actos de xestión podan levar consigo gastos que excedan dos sesenta mil euros (60.000,00 €), IVE excluído, baixo a coordinación da Xefatura do Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal. A Xunta de Goberno Local resérvase a atribución para o outorgamento, modificación e extinción de todas as concesións de dominio público, salvo as concesións de dominio público necesarias para a colocación de ramplas de accesibilidade ou ascensores que se concederán simultaneamente coas licenzas urbanísticas.

g) En materia sancionadora, deléganse todas as atribucións, incluídas na lexislación xeral ou sectorial e nas ordenanzas municipais, que sexan consecuencia de infraccións cualificadas como leves ou graves, salvo as atribucións que expresamente se deleguen nos órganos directivos e en materia tributaria.

h) A administración dos créditos para gastos susceptibles de ser librados baixo a forma de “pagos a xustificar” ou “anticipos de caixa fixa”, así como a autorización e ordenación do gasto correspondente de conformidade co disposto ao efecto nas Bases de Execución do Orzamento. Esta facultade leva incluída a de aprobar as contas xustificativas, sen prexuízo das delegacións conferidas aos órganos directivos.

i) O desenvolvemento de todos os actos de xestión económica (excluídos contratos, concesión e negocios xurídicos patrimoniais que se rexen polo apartado c)), e nomeadamente a convocatoria de axudas e subvencións e a súa resolución de concesión, así como a aprobación de subvencións nominativas previstas no orzamento e do seu convenio nominativo, ata un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €), IVE excluído, así como a autorización e disposición do gasto correspondente, sempre que se realicen con cargo a aplicacións orzamentarias cuxa xestión lles corresponda.

Esta atribución inclúe a aprobación das contas xustificativas de gastos e das contas xustificativas de subvencións concedidas pola área, a devolución de fianzas constituídas dos pagos anticipados das subvencións concedidas, así como a aceptación de subvencións/convenios cuxa solicitude fora autorizada pola Alcaldía sen limitación de contía, sen prexuízo da formalización, que se reserva á Alcaldía.

k) A xestión dos ingresos tributarios e non tributarios cuxa liquidación estea encomendada aos servizos que dirixen. Permanecerá na Xunta de Goberno Local a posibilidade de reducir ou non esixir o prezo público valorando o interese da actividade a desenvolver para a cidade, cando esta posibilidade estea prevista na correspondente ordenanza reguladora do prezo público.

l) Resolver recursos administrativos delegables interpostos contra as resolucións ditadas por delegación da Xunta de Goberno Local.



Concello da Coruña

m) A tramitación dos convenios, previa autorización da alcaldesa, que os subscribirá, nos que a achega financeira do Concello sexa inferior a cincocentos mil euros (500.000,00 €).

As anteriores delegacións comúns enténdense para cada un/unha dos/das concelleiros/as delegados/as nos ámbitos funcionais e orgánicos da súa respectiva área de goberno delegada.

II. DELEGACIÓNES ESPECÍFICAS NAS ÁREAS DE XESTIÓN

II.1. Delegar na persoa titular da **Área de Economía e Planificación Estratéxica** tamén as seguintes facultades:

a) O desenvolvemento da administración de tributos e demais recursos non atribuídos expresamente a outros órganos, así como as funcións de coordinación interdepartamental da súa xestión, sen prexuízo da superior dirección e coordinación que lle corresponde á Alcaldía.

b) En materia sancionadora, deléganse tamén as atribucións que sexan consecuencia de infraccións cualificadas como moi graves en materia de infraccións tributarias.

c) A xestión de persoal, o réxime disciplinario e as demais decisións en materia de persoal que non estean expresamente atribuídas a outro órgano, salvo as materias non delegables recollidas na normativa vixente.

d) A xestión da tesourería e a da débeda, así como a autorización e disposición de gastos de persoal, débeda pública e demais que non estean asignados a unha área concreta, sen limitación de contía, e os de natureza non orzamentaria.

e) As contratacións e negocios xurídicos patrimoniais de calquera natureza cuxo valor estimado sexa igual ou superior a quince mil euros (15.000,00 €), IVE excluído, agás nos contratos de obras nos que o importe ha de ser igual ou superior a corenta mil (40.000,00 €) ata cincocentos mil euros (500.000,00€), IVE excluído en ambos casos, sen prexuízo das delegacións conferidas aos/ás concelleiros/as delegados da respectiva área de goberno, sinaladas no apartado I.c, precedente.

Esta facultade levará aparellados todos aqueles actos e trámites que a normativa de contratos do sector público atribúe ao órgano de contratación, incluída a formalización, como (a presente relación non ten carácter limitativo): aprobar o expediente de contratación, clasificar as ofertas de acordo coa proposta da Mesa de contratación cando participe, adxudicar os contratos, autorizar e dispoñer os gastos correspondentes, reaxustar as anualidades no caso dos contratos plurianuais, procedementos relativos ao desequilibrio económico dos contratos, actas de recepción, devolucións de fianzas cando os informes sexan favorables, resolución de recursos que non dean lugar a indemnización, interpretación dos contratos, a modificación e resolución de incidencias na execución, rectificación de erros, e mesmo resolución dos contratos salvo que poidan dar lugar a unha indemnización, etc.

Tamén exercerá as seguintes atribucións referidas á contratación cando a contía ou a duración dos contratos sexan superiores ás citadas no apartado anterior e, polo tanto, o órgano de contratación sexa a Xunta de Goberno Local:

1ª. Actas de recepción e devolucións de fianzas, sempre que os informes sexan favorables.

2ª. Clasificar as propostas dos licitadores e requirir á licitadora que presentara a oferta máis vantaxosa, para que acredite o cumprimento dos requisitos que a lei e o prego de cláusulas administrativas esixa, sempre que se realicen de acordo coa proposta da Mesa de contratación.



Concello da Coruña

3ª. Resolución dos recursos en materia de contratación, salvo que poidan dar lugar a unha indemnización.

4ª. A resolución de controversias xurdidas con ocasión da execución dos contratos administrativos, salvo aquelas que poidan dar lugar a unha indemnización a cargo do Concello.

5ª. Reaxustar as anualidades no caso dos contratos plurianuais.

6ª. A rectificación de erros materiais, de feito e aritméticos producidos nos expedientes de contratación.

f) A formalización de todos os contratos administrativos e privados, escrituras públicas e demais documentos públicos de formalización de negocios xurídicos non reservados á Alcaldía.

g) As competencias en materia de patrimonio relativas ao inventario de bens mobles e inmoables, agás os de patrimonio municipal do solo, e o exercicio dos restantes actos de administración ordinaria sobre bens mobles non adscritos a outras áreas de goberno.

h) As aceptacións das doazóns e cesións de bens a título gratuito e que non conteñan condicións limitativas das facultades dominicais ou que impliquen unha carga significativa que non se desprenda da lei, da propia natureza do negocio, do obxecto da doazón ou dos requisitos para a súa perfección ou formalización, salvo as cesións urbanísticas obrigatorias que se aceptarán no mesmo acto de outorgamento da licenza urbanística (I.a) do presente acordo).

i) As competencias en materia de inventario e rexistro de bens inmoables, exercicio das prerrogativas sobre os mesmos, afectacións e desafectacións e restantes actos de administración ordinaria sobre bens inmoables non adscritos a outras áreas de goberno.

k) As atribucións sobre a administración ordinaria dos bens municipais que inclúe os arrendamentos de vivendas e garaxes de carácter patrimonial, a celebración dos contratos e as cuestións relativas ao seu cumprimento e extinción, liquidación da renda e outros gastos.

l) A coordinación, actos de trámite, resolucións e propostas de resolución que se eleven a outros órganos en relación co planeamento urbanístico e cos instrumentos de desenvolvemento urbanístico nos proxectos estratéxicos que sexan determinados pola Alcaldía.

II.2. Delegar na persoa titular da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade tamén as seguintes facultades:

A convocatoria para a concesión de bolsas municipais de comedor escolar, a autorización e disposición do gasto correspondente ao curso escolar de calquera contía, e o desenvolvemento de todos os actos de xestión, incluída a adxudicación.

II.3. Delegar na persoa titular da Área de Medio Ambiente tamén as seguintes facultades:

a) A potestade sancionadora en materia de contaminación acústica, regulada na Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, e no capítulo IV do Título IV do documento refundido da Ordenanza contra a contaminación acústica da Coruña, por comportamentos no medio ambiente exterior derivados das relacións de veciñanza e constitutivos de infracción, cando non sexan orixinadas en establecementos destinados a actividades económicas, empresariais, industriais e comerciais ou outras actividades sometidas a comunicación previa ou licenza, agás as resolucións que correspondan a expedientes sancionadores por faltas cualificadas como moi graves.

b) Asemade, o exercicio da potestade sancionadora no ámbito da lexislación sectorial medioambiental que non corresponda a outro órgano municipal distinto da Xunta de Goberno



Concello da Coruña

Local, agás as resolucións que correspondan a expedientes sancionadores por infraccións moi graves.

II.4. Delegar na persoa titular da **Área de Cultura e Turismo** tamén a seguinte facultade:

A declaración como efectos non utilizables e conseguinte aprobación dos expedientes expurgo de libros da rede de bibliotecas municipais para a súa destrución ou donativo a entidades sen fins de lucro ou usuarios da biblioteca, motivado pola súa deterioración ou desfase en relación ao progreso científico e/ou técnico e aos cambios socio-políticos e culturais da sociedade.

II.5. Delegar na persoa titular da **Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda** tamén as seguintes facultades:

As autorizacións de dominio público necesarias para a colocación de ramplas de accesibilidade ou ascensores que se concederán simultaneamente coas licenzas urbanísticas.

As competencias relativas ao patrimonio público do solo (patrimonio urbanístico), previstas na lexislación do solo.

II.6. Delegar na persoa titular da **Área de Seguridade Cidadá, Mobilidade e Interior** tamén as seguintes facultades:

As competencias en materia de responsabilidade patrimonial xeral e procedementos análogos tramitados ante o Concello da Coruña.

As autorizacións de dominio público que se soliciten para o desenvolvemento temporal de actividades e non requiran de procedementos de concorrencia, vinculadas ao ámbito funcional da respectiva área e dos servizos adscritos.

III. De conformidade co disposto nos artigos 5, 6 e 7 do vixente Regulamento Orgánico Municipal, as delegacións efectuadas nas persoas titulares como concelleiros/concelleiras delegados/as das áreas de Goberno establecidas no Decreto 5900/2026 de fecha 28/07/2026 tanto as delegacións xenéricas como as específicas, as efectuadas pola Alcaldía-Presidencia, como as da Xunta de Goberno Local, deben interpretarse por parte dos órganos e servizos municipais baixo os seguintes presupostos:

a) As delegacións efectuadas xenéricas ou específicas, salvo que nelas se dispoña outra cousa de modo expreso, enténdense outorgadas no sentido máis amplo posible para que o órgano en quen se delegue poida levar a efecto coa maior extensión posible a adecuada xestión da área, servizo ou cometido que lle fora delegado, debendo interpretarse, por tanto, que a persoa delegada está facultada, tan amplamente en Dereito como sexa preciso, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións de calquera natureza se deriven da delegación efectuada e para o bo fin da mesma.

Todas as delegacións xenéricas e específicas teñen tanto as competencias recollidas no artigo 5 do Regulamento Orgánico Municipal, como as derivadas do referido Decreto 5900/2026 de data 28 de xullo de 2026, baixo a interpretación das mesmas do parágrafo precedente.

b) Todas as delegacións de atribucións efectuadas entenderase que o son por tempo indefinido, salvo que o acto ou acordo de delegación dispoña outra cousa ou a temporalidade se derive da propia natureza da delegación.

c) Corresponderalle á Alcaldía ou á Xunta de Goberno Local efectuar, no seu caso, as interpretacións que resulten necesarias co obxecto de delimitar non só o alcance das delegacións



Concello da Coruña

conferidas, senón tamén resolver eventuais solapamentos con delegacións outorgadas a outros órganos. Nese caso, se se estima procedente polo órgano delegante, deberá adoptarse o decreto, a resolución ou o acordo correspondente, notificarlo aos órganos interesados e publicalo na forma legalmente establecida.

IV. Revogar as delegacións conferidas en acordos anteriores e confirmar, no que fose procedente, as resolucións, actos e acordos aprobados dende a aplicación dos Decretos da Alcaldía números 5131/2026 e 5132/2026, ambos do 03.07.2026 ata a entrada en vigor dos presentes acordos, de conformidade co artigo 52 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

V. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e dar conta do mesmo ao pleno da corporación municipal.

SEGUNDO.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como dar de conta ao pleno da corporación municipal

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data da sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min a oficial maior, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargado das funcións de fe pública, segundo a Disposición Adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

**O concelleiro-secretario da Xunta de
Goberno Local**

José Manuel Lage Tuñas

Confrontado e conforme, a oficial maior

María Esther Álvarez Martínez